



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Selección persoal laboral temporal: socorristas piscina municipal descuberta

ANUNCIO

Mediante decreto da Alcaldía nº 500/2025, de data 05/05/2025, aprobouse a convocatoria e bases reguladora do proceso de selección mediante o sistema de oposición libre para a contratación laboral de socorristas para a piscina municipal descuberta “O Muíño”, Ordes (Expdte. 2004/E001/000004).

De conformidade con establecido no art. 205.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, faise público o texto íntegro das Bases reguladoras.

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA “O MUÍÑO”, ORDES (Expdte. 2005/E001/000003)

1ª.- OBXECTO: Contratación laboral, polo sistema de oposición libre, de **SEIS (6)** socorristas para a piscina municipal descuberta “O Muíño”, Ordes.

CLASE DE PERSOAL: laboral temporal.

TIPO DE CONTRATO:

- Laboral de duración determinada, por circunstancias da produción (Código 402). (Art. 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro).
- Xornada completa (40 horas á semana - traballo a quendas – luns a domingo), cos descansos establecidos nos arts. 34.3 e 4; 36.5 e 37.1 do R.D. Legislativo 2/2015, 23 de outubro.

DURACIÓN: 20/06/2025 ata 31/08/2025.

FUNCIÓNS: Realización de tarefas de prevención, vixilancia, salvamento e primeiros auxilios nas instalacións da piscina municipal.

RETRIBUCIONES:

- Xornada completa: 1.872,37 € brutos/mes (salario, mais prorrata paga extra).

2ª.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA: A convocatoria de selección publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

3ª.- REQUISITOS:

Xerais:

- Ser español ou cidadán de Unión Europea, de conformidade co disposto no artigo 57.1 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos, non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da formación mínima para o posto de traballo.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto, ou posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto naquelas persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Non acharse comprendido en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade para o acceso á función pública local establecidos na lexislación vixente.
- Estar en posesión do certificado de lingua galega Celga 2, iniciación de lingua galega ou a súa validación si é o caso.

Específicos:

- Formación mínima: a establecida no artigo 4.1 do Decreto 152/2021, de 21 de outubro.

- Figurar inscritos no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal como persoal laboral.

4ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES:

Os aspirantes que desexen participar nesta convocatoria presentarán a súa solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Ordes, (https://sede.ordes.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/index.html#empleo_publico), que figura como anexo I a esta convocatoria, que deberá ir acompañada dos documentos seguintes:

- Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- Copia compulsada da formación mínima esixida.
- Copia compulsada inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Copia compulsada do certificado de coñecemento de lingua galega.
- Certificado médico.
- Certificado de delitos de natureza sexual.

Datas do proceso de admisión de aspirantes:

- 20/05/2025, data límite de presentación de solicitudes de participación neste proceso selectivo.
- 23/05/2025, publicación da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, si é o caso, das causas de exclusión.
- 30/05/2025, data límite de presentación das alegacións e documentos que se estimen pertinentes.
- 03/06/2025, publicación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

As resolucións aprobando as listas provisional e definitiva publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.ordes.gal/sxc/gl/informacion/>) do concello de Ordes e web municipal (<https://concello.ordes.gal/nova/1220/procesos-de-seleccion-de-empleados-municipais>).

5ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO:

1º EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización o día **06/06/2025, ás 10:00 horas, na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda (rúa Xoxardo, Ordes)**, dun exercicio consistente en contestar por escrito, nun tempo máximo de 30 minutos, un cuestionario de preguntas curtas tipo test (**25**), que estarán directamente relacionadas coas funcións propias do posto (socorrista) (**Anexo II: temario**).

O exercicio valorarase ata un máximo de **10,00 puntos** (a razón de **0,40 puntos** por cada resposta correcta) valorándose con **0,10 puntos** negativos por cada resposta incorrecta, non sendo obxecto de puntuación (positiva ou negativa) as preguntas non contestadas, sendo excluídos os participantes que non alcancen un mínimo de **5,00 puntos**.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal. Os aspirantes deberán presentarse provistos do DNI e dos medios materiais necesarios que sexan necesarios para a realización deste exercicio.

Prazo de presentación de reclamacións: 11/06/2025 (data límite).

2º exercicio: Aqueles aspirantes que non presenten certificado que acredite o coñecemento do idioma galego mediante a presentación do correspondente certificado ou título, terán que realizar unha proba de galego que consistirá nunha tradución de texto. Que terá lugar o día **16/06/2025, ás 10:00 horas, na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda (rúa Xoxardo, Ordes)** Este exercicio puntuarase como apto ou non apto, e para superalo deberá obterse o resultado de apto.

A orde de actuación dos/as aspirantes iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "F", de conformidade co establecido na Resolución do 21/01/2025 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 16, de data 24/01/2025).

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Para a realización do exame constituirase un Tribunal Cualificador integrado por:

- **Presidenta:** Pilar Rey Rodís (Funcionaria Escala Administración Xeral. Subescala de xestión).
- **Vogais:**

Yolanda Cela Villaverde (Funcionaria Escala Administración Xeral. Subescala de xestión).

Marcos Barreiro Fontenla (Funcionario Escala Administración Xeral. Subescala de xestión).

Marcos Gándara Costa (Funcionario Escala Administración Xeral. Subescala de Xestión).

- **Secretario:** José Alberto Moar Tobío (Funcionario Escala Administración Xeral. Subescala de xestión), con voz, pero sen voto.

O Tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

7ª.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA:

Concluído o proceso selectivo o Tribunal Cualificador publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica e web municipal do Concello a relación dos aspirantes aprobados por orde de puntuación, con especificación da mesma e simultaneamente elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos aspirantes que lograron a puntuación máis alta.

No caso de empate nas puntuacións a orde de prelación será a seguinte: orde alfabético do primeiro apelido dos aspirantes empatados, iniciándose a orde pola letra “F” resultante do sorteo polo que a Xunta de Galicia fixou a orde de intervención das persoas aspirantes nos procesos de selección que se deriven da OEP 2025. No caso de persistir a igualdade, resolverase por sorteo.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, en función da orde de puntuación alcanzado, de acordo co previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

PERÍODO DE PROBA: 15 días.

8ª.- IMPUGNACIÓN:

Contra as presentes bases, así como contra a resolución que aproba a convocatoria, poderá interpoñerse polos interesados recurso potestativo de reposición ante o Alcalde Presidente, no prazo dun mes a contar desde a publicación das mesmas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e web municipal do Concello, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir de dita publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

Así mesmo, contra as resolucións e actos de trámite do Tribunal Calificador si estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar no procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada impropio ante a autoridade que nomee ao seu Presidente.

9ª.- INCIDENCIAS:

En todo o non previsto nestas Bases estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Ordes, 5 de maio de 2025

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

ANEXO I**SOLICITUDE PARA CUBRIR PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE ORDES- A CORUÑA**

D./D^a. _____ con DNI/Pasaporte/NIE nº _____,
_____, con domicilio en _____
_____, código postal _____, teléfono de contacto _____, e enderezo
electrónico _____.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Coñecer as bases que regulan a selección, en réxime de persoal laboral, **SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL**

DESCUBERTA "O MUÍÑO", ORDES, as cales asume e acepta na súa integridade.

- Cumprir os requisitos esixidos polas bases da dita convocatoria.
- Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e non ter sido separado mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que son necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de **SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA "O MUÍÑO", ORDES**, declarando que son certos os datos consignados na presente solicitude.

Á presente instancia achégase a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- Copia compulsada da formación mínima esixida.
- Copia compulsada inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Copia compulsada do certificado de coñecemento de lingua galega.
- Certificado médico.
- Certificado de delitos de natureza sexual.

Ordes, _____ de _____ de 2025

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE ORDES

ANEXO II: TEMARIO

Tema 1.- A prevención de accidentes e riscos laborais no socorrismo acuático.

Tema 2.- A Comunicación aplicada a situación de previsión de riscos.

Tema 3.- RCP básica e obstrución da vía aérea por corpo extraño.

Tema 4.- O paciente traumático.

Tema 5.- Traumatismos.

Tema 6.- Trastornos circulatorios.

Tema 7.- Lesións producidas por calor ou frío.

Tema 8.- As picaduras.

Tema 9.- Intoxicacións e cadros convulsivos.

Tema 10.- O botiquín de primeiros auxilios e a enfermaría.

Tema 11.- Rescates e traslados no medio acuático.

Tema 12.- Intervención prehospitalaria en afogamentos e lesionados medulares no medio acuático.

Tema 13.- O Decreto 119/2019, de 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia. Criterios hixiénico sanitarios das instalacións. Persoal e elementos de seguridade das instalacións.

Ordes, 5 de maio de 2025

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

2025/2808